

Segunda circular informativa.

Tal e como foi sinalado na primeira circular, logo da reunión de coordinación de CRUE que tivo lugar en Bilbao o 25 de setembro, nesta segunda circular informamos da publicación dunha versión actualizada do primeiro modelo de exame e da súa correspondente rúbrica, así como da publicación dun segundo modelo de exame.

Na versión actualizada do primeiro modelo de exame e na rúbrica detállase a aplicación do apartado décimo do artigo 13 sobre cualificación da proba de acceso do citado Real Decreto 534/2024, no que se fai referencia tanto á corrección da coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos elaborados como á súa presentación. Ademais, suprimíronse os apartados 1.3 e 2.3 do modelo inicial de exame e engadiuse unha segunda opción na pregunta 4 do bloque de “Educación literaria”.

Aínda que certas partes están detalladas na rúbrica e no encabezamento do propio modelo de exame, consideramos importante para profesorado e alumnado repetir nesta segunda circular a parte da rúbrica relativa aos erros na coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica e presentación.

Agardamos que a publicación destes modelos de exames e rúbrica axude a disipar algunhas das dúbidas formuladas nas últimas semanas.

En Ourense, Rianxo, Pontevedra, Lugo e Santiago de Compostela.

Consonte o disposto no apartado décimo do artigo 13 sobre cualificación da proba de acceso do citado Real Decreto 534/2024, no que se refire á corrección relativa á coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos elaborados, así como segundo a súa presentación, a puntuación que se outorgará para estes efectos nas materias de linguas cooficiais (Lingua Galega e Literatura II, Lengua Castellana y Literatura II, Llengua Catalana i Literatura II, Euskal Hizkuntza eta Literatura II, Euskara eta Literatura II, Valencià: Llengua i Literatura II) será do 20% do total do exame, segundo o acordo adoptado recentemente a nivel de CRUE.

No Decreto 157/2022 aparece como obxectivo 5 para a materia de “Lingua Galega e Literatura II” o seguinte “Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e responder adecuadamente. informado, eficaz e creativo ante demandas comunicativas concretas”, polo que en cada pregunta este obxectivo terá unha cualificación que represente o 20% do valor total da pregunta.

Máis aínda, no acordo de CRUE antes mencionado tamén aparece a seguinte anotación: Naqueles territorios con linguas cooficiais, recoméndase ter en conta esta realidade á hora de definir os criterios específicos de corrección. Xa que logo, en cada pregunta de 2,5 puntos haberá unha valoración de 0,5 puntos para ese apartado. Esta valoración só será de aplicación no caso de que a alumna/o teña un mínimo de resposta correcta nas outras partes da rúbrica da pregunta que se estea a valorar. Fíxase ese mínimo nun 20% da cualificación, polo que se a alumna/o non chega a 0,4 puntos de valoración dos dous puntos dunha pregunta non se valorará esta parte da rúbrica, outorgando un valor de 0 puntos por este apartado.